



Xuventude onovas

Modélicos en mobilidade xuvenil

A Coruña acolle o 4 de febreiro o III Encontro Galego



“Herdeiros da Crus” celebran os vinte anos cun concerto



Chegan as Estancias Creativas para 150 artistas



Senra, a polo campionato español de karting



A Iniciativa Xove preséntase por toda Galicia

- Con encontros informativos nas distintas comarcas e nos campus universitarios

O programa "Iniciativa Xove", de apoio a iniciativas de emprendemento acometidas pola mocidade, desenvolve este ano unha intensa campaña previa de divulgación. Só durante este mes de xaneiro organizáronse vintecinco encontros informativos por toda Galicia, para que todos os interesados dispoñan de toda a información necesaria para participar cos seus proxectos.

"Iniciativa Xove" está deseñado para fomentar e promover actividades de aprendizaxe non formal, coas que os xóvenes poidan desenvolver as súas capacidades, talento e espírito emprendedor.

Nos encontros participaron maioritariamente mozos e mozas menores de trinta anos, concelleiros de xuventude ou con competencias neste ámbito, técnicos de xuventude ou de cultura, integrantes de agrupacións xuvenís e colectivos de mozos e mozas que se poden conformar como grupo informal de cara a convocatoria.

O propio director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, acudiu a algúns destes actos informativos, para coñecer de primeira man como acollen o programa os seus destinatarios e que intereses e necesidades teñen.



Encontro informativo de Iniciativa Xove en Melide



iniciativa xove

O orzamento deste ano ascende a 705.000 euros, un 1,4% máis

O "Iniciativa Xove" de 2012 conta cun orzamento de 705.000 euros, o que representa un 1,4% máis que a anterior convocatoria do programa en 2011. Un incremento moi significativo tendo en conta o contexto xeral de crise, do que se induce a firme aposta do departamento autonómico de Xuventude polas iniciativas de aprendizaxe non formal con proxectos ideados, deseñados e executados pola propia mocidade. Para axudarlles a todos os que ou ben xa están preparando proxectos ou teñen en mente algún, os encontros informativos ofreceron tamén asesoramento sobre como xestionalos e centráronse nas novidades da convocatoria de 2012.



Oportunidade para novos grupos e alternativa de ocio xuvenil



- Proxecto do grupo informal “Son Xoven” apoiado por “Iniciativa Xove” en Porto do Son

Grupos variados de gran futuro

A iniciativa “O Son da Música”, organizada polo grupo informal Son Xoven de Porto do Son coa axuda do programa “Iniciativa Xove”, ofreceulle á xuventude da zona unha alternativa de ocio cunha serie de concertos con grupos musicais de certo recoñecemento e outros á procura das súas primeiras oportunidades sobre o escenario.

Mostra do éxito da iniciativa é que tiñan programadas actuacións de catro grupos noveis “e acabaron sendo oito”, como confesan desde a organización. “Sabiamos que soaban ben, pero demostraron que son fabulosos”, comentan sobre nomes como **Os Mordecáns, Areavasta, Tevra, Teethless, Strabismo, Morrigan, Glasgow** ou **Curva á Esquerda**.



Excelente resposta do público

Desde o grupo informal “Son Xoven” indican que se decidiron a organizar este proxecto “fartos de ter que desprazarse sempre ata Noia ou ata Ribeira” para ter alternativas de lecer e viron “a oportunidade perfecta para empezar” no programa “Iniciativa Xove”.

Ían ben encamiñados, xa que as actuacións, en locais de hostalería da zona, acadaron unha boa afluencia de público. Con todo, danlle máis importancia aínda “ao carácter que tivo en si” cada un destes eventos, xerando respecto e admiración polos grupos entre a xente.

Revulsivo económico para os negocios locais de hostalería

“O Son da Música” tivo tamén un importante efecto económico na zona. Os integrantes do grupo informal explican que os locais que acolleron concertos recibiron “un pulo” co que loitar contra os efectos da crise. “Amenizamos as fins

de semana e aumentaron os seus ingresos”, din.

Pero hai unha consecuencia non menos interesante, que é que os responsables dalgúns establecementos viron os beneficios da música en vivo, de modo que planean programar máis.



O único “fracaso” do proxecto...

“O Son da Música” viu como só un dos seus obxectivos non se cumpría e os organizadores non dubidan en falar dun “fracaso total”. Pero en realidade non máis que a cruz dunha moeda que leva na cara un enorme éxito. Trátase da súa intención de evitar os desprazamentos da xuventude pola estrada para participar en noites con música. Consegúrono cos de Porto do Son, mais o que non contaban é que acudise ata alí numeroso público de Noia, Ribeira e outras localidades próximas, e incluso desde Santiago. A promoción nas redes sociais demostrou así ser moi eficaz para as zonas distantes, tanto ou máis que os cartaces, que pegaron de maneira masiva por toda a súa comarca.



iniciativa xove

Xa se preparan para repetir

O grupo informal de Porto do Son ten claro que este ano van repetir a actividade, cando menos cos mesmos conxuntos musicais e sen descartar a incorporación doutros. De feito, algún xa pedía concretar datas deste ano ao remate da actuación.

Esa satisfacción, que tamén observan non dnos dos locais, esténdese ao público. “A xente portouse ben cos grupos -afirman- e tamén eles coa xente, pois non escatimaron en tocar máis temas cando se lles pedía”. E sen necesidade de elaborar ningún tipo de enquisa teñen moi claro que “a valoración dos asistentes foi positiva”. Outra proba: máis dun ata se interesou por acudir aos ensaios previos.

Aquí pode tocar quen queira!

O proxecto financiado por “Iniciativa Xove” en Porto do Son tivo como peculiaridade á intención de estar aberto á participación do público, con certa interacción pola súa parte. Neste sentido, unha das propostas era a oportunidade de que o espectador tocara instrumentos musicais, axudado por integrantes dos grupos. Só uns poucos, habitualmente os máis experimentados, se animaron. En “Son Xoven” consideran que aos demais faltoulles atravesamento, en parte por “vergoña” e en parte por “medo escénico”. Con todo, algúns “aínda nos deleitaron con algún temiña”, comentan. Eso si, foron contactadas as persoas que abandonaron algún concerto antes de que rematase, sempre ás tantas.





PISA

A Coruña acolle este 4 de febreiro o III Encontro Galego de Mobilidade

III ENCONTRO GALEGO
DE MOBILIDADE
XUVENIL
A Coruña, 4 de febreiro de 2012

O vindeiro sábado 4 de febreiro celébrase na Coruña a terceira edición do **Encontro Galego de Mobilidade Xuvenil**. Esta cita está ideada como un foro de intercambio de experiencias entre mozos e mozas que participaron nos distintos programas europeos de mobilidade.

Tamén pretende fomentar o servizo de voluntariado, desde o ámbito local ata o europeo, como un método de aprendizaxe non formal coa ue a xuventude adquire habilidades persoais e profesionais.

No encontro participarán máis de 250 xóvenes. Boa parte deles serán partici-

pantes nos distintos programas xestionados pola dirección xeral de Xuventude, pero tamén estarán presentes técnicos de xuventude e servizos sociais, dinamizadores xuvenís,

entidades de servizos sociais, integrantes de asociacións xuvenís, e tamén xóvenes en xeral que estean interesados en participar ou desenvolver iniciativas de mobilidade.



Unha inmejorable ocasión para coñecer tres proxectos exemplares

O encontro constituirá a ocasión perfecta para coñecer, a través dos seus protagonistas, os tres principais proxectos realizados en Galicia no eido da mobilidade, distinguidos como exemplos de boas prácticas.

O de maior nivel de participación é **"Xuventude en Acción"**, que durante 2011 implicou a 877 mozos e mozas nun total de 54 proxectos distintos. O programa ofrece inter-

cambios de xóvenes e animadores socioeducativos entre distintos estados da Unión Europea.

Especial valor ten o programa **"Leonardo da Vinci"**, ao estar enfocado á inmersión laboral da xuventude mediante prácticas laborais en empresas de distintos países europeos. Os 187 beneficiarios destas bolsas en 2011 puideron ter así unha experiencia acorde ao seu perfil profesional. E ade-

mais sérvelles para mellorar o coñecemento cultural e lingüístico do país que visitan.

Deseñado para fomentar a comprensión da diversidade sociocultural e facilitar a convivencia e interacción entre persoas de distintas rexións, en 2011 o programa **"A**

Xuventude no Mundo" ofreceulle a 150 mozos e mozas de 18 a 30 anos a oportunidade de coñecer a cultura, idiomas, costumes e formas de vida de diferentes países de acollida, en intercambios devoltos pola xuventude das diversas rexións de destino.

Un libro recolle todos os proxectos

No marco do Encontro Galego de Mobilidade presentarase -ás dez da mañá coa presenza do director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro- un libro que recolle os proxectos de mobilidade xestionados o pasado ano pola dirección xeral. O texto dálle o protagonismo ao traballo efectuado polos xóvenes, as organizacións e os grupos informais que fomentaron a cidadanía europea en Galicia e a participación xuvenil na sociedade.

Unha xeira repleta de actividades

O **programa** do encontro ocupará toda a mañá do sábado, cun panel de experiencias dos participantes nos programas de mobilidade e varios obradoiros de debate dos que se presentarán as conclusións, antes dunha avaliación final.



O MOGAL, a túa chave de acceso ao mercado laboral

- O 70% dos participantes xa acadaron un posto de traballo

O proxecto de prácticas laborais no estranxeiro **MOGAL** estase confirmando como unha iniciativa moi útil para o acceso dos xóvenes ao mercado laboral. Os datos son a mellor proba: o 70% dos participantes atoparon un posto de traballo ao pouco tempo da súa volta. En concreto, no primeiro semestre de 2011 o programa contou con 78 participantes e 55 xa traballan.

O MOGAL, que a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado desenvolve ao abeiro do programa europeo "Leonardo da Vinci", conta con 187 participantes. Das catro quedas en que se dividiron desde xaneiro de 2011, tres xa remataron as súas prácticas e a derradeira, con corenta e nove mozos e mozas, acabará no vindeiro mes de abril.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, recibiu aos sesenta participantes da terceira



Ovidio Rodeiro recibiu a beneficiarios do MOGAL

quenda para ver como lles foi e avaliar xuntos a experiencia. Efectuaron as súas prácticas en empresas de Holanda, Irlanda, República Checa, Italia e Francia, de sectores como o sociolaboral, o turístico, o administrativo, o informático, o audiovisual, os servizos sociocomunitarios ou a mecánica.

As estadías do MOGAL -con

alojamento, curso de lingua, viaxe, seguro e parte da manutención pagados- teñen unha duración de tres meses e permiten obter certificacións acreditativas válidas como experiencia laboral. A mellora cualitativa nas capacidades profesionais que acadan os participantes é un factor determinante no acceso ao mercado laboral.

Galicia destaca cos seus proxectos do programa Xuventude en Acción

Galicia desenvolveu durante 2011 un total de 54 proxectos do programa europeo "Xuventude en Acción", o que a convirte nunha das autonomías con maior número de proxectos aprobados. Só a superaron Andalucía, Cataluña e Madrid, que teñen unha proporción maior de poboación xuvenil. O orzamento que se lles dedicou en Galicia o pasado ano a estas iniciativas chegou ata algo máis de 731.000 euros.

O director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, explica que "este elevado índice de participación pon de manifesto unha importante iniciativa dos mozos e mozas galegos en temas de mobilidade e participación activa en todas as actuacións que teñan que ver coa adquisición de competencias mediante a apren-

dizaxe non formal".

Nos 54 proxectos participaron preto de 900 xóvenes. As iniciativas dividíronse en distintas liñas: intercambios xuvenís, iniciativas participativas, democracia participativa, servizo voluntario europeo ou o chamado Acción 4.

A maior participación rexistrouse nos intercambios, con trece proxectos e 427 persoas. Houno tamén nove iniciativas xuvenís, actividades promovidas polos propios mozos, nas que se implicaron 79 xóvenes. Unha relevancia cualitativa especial tiveron os dous proxectos de democracia participativa, con 72 participantes. O servizo voluntario europeo interesoulles a 31 persoas e as medidas formativas de "Acción 4", en dez proxectos, sumaron 257 participantes.



Vía libre á creatividade artística

● As estancias creativas para xóvenes ofrecen 150 prazas en quince especialidades

A partir do 10 de febreiro comezan as **Estancias Creativas para Xóvenes**, un programa de dinamización artística da dirección xeral de Xuventude que pretende darlle vía libre á expresión das inquedanzas da mocidade.

As estancias ofrecerán 150 prazas, a razón de dez por cada especialidades contemplada no programa: poesía, relato breve, graffiti, banda deseñada, videocreación, webcreación, creación DJ, baile, música,

pintura, escultura, teatro, danza e expresión, cartelería e fotografía creativa.

Os encontros terán lugar durante nove fins de semana ata o mes de xuño, no **albergue xuvenil de Gandarío** (Bergondo, A Coruña) e no Residencial Xuvenil **LUG II** (Lugo). As estancias inclúen a pernocta e aloxamento, a manutención, os desprazamentos das actividades, o monitorado, materiais e seguros, e o custo da produción das creacións artísticas.



Para artistas non profesionais

As estancias, enmarcadas no Circuito da Creatividade, poden acudir xóvenes galegos ou residentes en Galicia, con idades entre os 18 e os 35 anos, que non sexan profesionais da disciplina na que soliciten participar. O grupo de cada especialidade desenvolverá un proxecto de intervención creativa, na forma e condicións que determine a organización. A dirección xeral de Xuventude seleccionará aos candidatos e tamén poderá suspender especialidades que non reúnan un nivel mínimo de participación. Nese caso, avisaría con antelación aos participantes.

Unha creación de todos os participantes culminará as estancias

As primeiras estancias, do 10 ao 12 de febreiro en Gandarío, corresponderán a poesía e a relato breve. A mesma instalación acollerá as de graffiti e de banda deseñada do 9 ao 11 de marzo. O centro de lecer Lug2 será escenario das estancias de videocreación

e webcreación do 23 ao 25 de marzo. A categoría de creación DJ ten data fixada do 20 ao 22 de abril, en Gandarío. Do 27 ao 29 será a quenda de baile e de música, en Lugo. Xa en maio, do 4 ao 6 desenvolveranse as estancias de pintura e de escultura en Gandarío

e do 18 ao 20 as de teatro e de danza e expresión en Lugo. A cartelería e a fotografía creativa terán o seu momento do 1 ao 3 de xuño en Gandarío.

O calendario das estancias culminará

O prazo de solicitudes remata o 24 de febreiro. En literatura, o 3.

conha creación multidisciplinar do 15 ao 17 de xuño, que reunirá todos os artistas das distintas especialidades. Tamén cada disciplina creará unha actividade expositiva final para promover o programa ante o público xeral.



“O meu obxectivo para 2012 é conseguir algo importante no Campionato de España de Karting”

● David Senra, de 19 anos, gaña o Campionato Galego de Karting

- David Senra, de 19 anos e veciño de Oroso (A Coruña), vén de proclamarse Campión Galego de Karting. Despois de seis anos competindo no mundo do kart, que valoración fas deste primeiro título a nivel galego?

- O ano 2011 foi unha tempada de éxitos, pois gañei o Campionato Galego de Karting con catro victorias e tres segundos postos. Agora sinto que podó dar un paso adiante.

- Que obxectivos tes para esta nova tempada que comeza?

- Todo dependerá do orzamento e dos patrocinadores dos que dispoñamos. O meu obxectivo é participar no Campionato de España de Karting e, se hai cartos, tentar dar o salto aos

rallies. É un obxectivo moi bonito, pero son consciente de que é moi caro, xa que necesitaríamos contar cun equipo e cun coche que non temos. A día de hoxe, a miña meta é tentar facer algo importante a nivel nacional dentro do Campionato de España de Karting.

- Como foron os teus comezos no mundo dos kart e dos rallies?

- Comecei moi cedo, canto tiña uns dez anos. Fun co meu tío a probar un kart destes que hai para alugar e, pouco a pouco, fomos entrando neste mundiño. Compramos un coche e aos poucos anos xa estabamos competindo. A miña primeira participación no Campionato Galego de Karting foi en 2005, na categoría xuvenil. quedei terceiro na miña primeira carrera e conseguín a pole position e a volta rápida na miña segunda proba. Ao final, rematei o campionato en terceira posición absoluta.

- Din que un dos maiores problemas xurde á hora de atopar un circuito no que adestrar.

- É certo, fan falla máis instalacións. Ao principio tiñamos que desprazarnos ata Portugal, ben a Braga ou ben a Viana. E dende hai uns anos pois xa dispoñemos dalgúns circuitos en

Galicia para adestrar como, por exemplo, en Soutelo de Montes. Hai outros máis pequenos, como en Serra de Outes ou Sanxenxo, pero son moi pequenos e están máis preparados para acoller a competidores alevís. Está claro que un circuito no que non podes meter a quinta non é o máis axeitado para adestrar e progresar.

- Ademais desas dificultades á hora de adestrar, cales son os maiores atrancos cos que se atopa un mozo que comeza neste tipo de deportes?

- Principalmente o económico, estamos sempre á busca de patrocinadores e sacando os cartos do peto para poder competir. No meu caso conto con moitos pequenos patrocinadores locais, aos que lles estou moi agradecido, pero iso non chegaría para cumprir o meu obxectivo de dar este ano o salto ao mundo dos rallies, por exemplo.





Os herdeiros aínda non fan testamento

● “Herdeiros da Crus” volve á carga o 3 de marzo cun concerto para celebrar o seu vixésimo aniversario

Van cumprir vinte anos e levan oito sen tocar xuntos. Así que é a ocasión perfecta para reagruparse. “**Herdeiros da Crus**” prepara o seu retorno o sábado 3 de marzo. Será nun concerto na sala **LP-45** de Ordes (22 horas), que non tardou máis que tres días en agotar as entradas.

De todos os xeitos, queda unha opción para velos, con 300 billetes extra que venderá **Airapro** desde as 10 horas do 2 de febreiro.

O que prometeron é un

“directo potente” de máis de dúas horas, con metais, coros e piano, para facer visible, incluso aos máis incrédulos- o que eles mesmos chaman o “renacer”.

Anticiparon que non decepcionarán a quen esperen o inconfundible estilo “Herdeiros” e os seus temas de toda a vida, como aqueles ‘**Que jallo é**’ -moi popularizado grazas ao Xabarín Club- ou o do ‘**frenaso**’, dous dos que lles deron máis doses de fama. E vendas comerciais, claro.



Para estar ao tanto...



Os compoñentes actuais do grupo



Fran Velo



Javi Maneiro



Toñito de Poi



Tucho

Campaña a través da web para tantear novos públicos e valorar unha xira

Polo de agora non está claro se esta actuación dos “máis grandes” será flor dun día ou terá continuidade nunha xira máis ampla e mesmo na preparación dun novo disco. Máis ben, será unha decisión que tomarán a posteriori, en función de como responda o público no concerto do día 3.

Á vista da velocidade coa que se agotaron as entradas, está claro que

a expectativa que xeraron é elevada. O propio Antón Axeitos, máis coñecido como Tonhito de Poi, recoñecía que

volver os máis grandes


levaban un tempo recibindo peticións a través das redes sociais. E desde o seu entorno tamén se encargaron de animar o ambiente cunha campaña

previa con varios famosos anticipando a súa volta na web **volvemosmáis-grandes**.

De feito, probablemente o que máis os empuxou a volver foi que moitas desas peticións viñan de “xente moi nova” que antes non tivera a oportunidade de escoitalos en directo. Público novo á espera de descubrilos e tamén co que alimentar o seu posible renacemento.

NON O PERDAS

CORIZONAS. SANTIAGO.
10 DE FEBREIRO. SALA CAPITOL.



RUSSIAN RED. A CORUÑA.
11 DE FEBREIRO. ÁGORA CORUÑA.

NON O PERDAS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

23 de febreiro
2 de febreiro
The Gift
Teatro Principal

8 de febreiro
The Fleshtones
Sala Moon

9 de febreiro
Rivulets
Cachán

11 de febreiro
The Idan Raichel Project
Auditorio de Galicia

12 de febreiro
Thin Lizzy
Sala Capitol

16 de febreiro
Tarja
Sala Capitol

17 de febreiro
Nada Surf + Maryland
Sala Capitol

18 de febreiro
Sidonie
Sala Capitol

23 de febreiro
La Pegatina
Sala Capitol

2 de marzo
Soziedad Alkoholika +
Twenty Fighters +
Primitive
Sala Capitol

CHANTADA
4 de febreiro
Kambotes
Besto Bravo

CANGAS DO MORRAZO
7 de febreiro
The Last Vegas
Sala Son

OURENSE
22 de febreiro
La Pegatina
Café Cultural Auriense

23 de febreiro
Bigott
Café & Pop Torgal

3 de marzo
Nacho Vegas
Teatro Principal

10 de marzo
The Brew
Auditorio Municipal

CELANOVA
24 de febreiro
Kambotes
Pub Oxígeno

PONTEVEDRA
3 de marzo
Luis Eduardo Aute
Centro Social Caixanova

VIGO
3 de febreiro
Polock
A Fábrica de Chocolate

4 de febreiro
Zenttric + DJ Mister Teaser
La Fábrica de Chocolate

4 de febreiro
Duo Kie + Track Asedio +
Bertoh, MC Senico & D.J.
Frași + AS
O Inferno

9 de febreiro
B.B. David & The Smokers
A Fábrica de Chocolate

10 de febreiro
Franc3s +
Sector de Agitadas
A Fábrica de Chocolate

Eladio y los Seres Queridos
A Fábrica de Chocolate

11 de febreiro
Hamlet
Mondo Club

18 de febreiro
Linda Guilala + When Nalda
Became Punk
Playmovil

21 de febreiro
Sights & Sounds +
Constants
A Fábrica de Chocolate

24 de febreiro
Bigott
Mondo Club

La Pegatina
A Fábrica de Chocolate

25 de febreiro
Nach
Mondo Club

Bigott
Le Club

29 de febreiro
Neuman
A Fábrica de Chocolate

3 de marzo
Dawes
A Iguana Club

A CORUÑA
24 de febreiro
Nach
Ola Green

2 e 3 de marzo
Coque Malla
Le Club

2 de marzo
Nacho Vegas/Ágora Coruña

